

Novas da sección de matemáticas.

A primeira nova producida dende o anterior número do Boletín das Ciencias é a da organización das próximas JAEM que se van celebrar en Lugo en 1999. As JAEM son unhas xornadas que organiza cada dous anos unha sociedade da Federación, baixo o encargo da Federación Española de Sociedades de Profesores de Matemáticas, á que pertecemos. Como podedes supoñer, vai significar unha adicación moi importante da nosa sociedade polo que vos animamos a participar, xa que vai haber traballo para todos. As propostas e organización que se leve a cabo será un dos temas a tratar na asemblea da sección que se celebrará durante o próximo Congreso de ENCIGA.

Debemos tamén sinalar que nestas últimas JAEM, celebradas en Salamanca no mes de setembro deste ano, fíxose pública a convocatoria de dous premios de distinto tipo :

- O premio Gonzalo Sánchez Vázquez, instituído pola Federación de Profesores de Matemáticas (FESPM) e á memoria de Gonzalo Sánchez Vázquez. Unha semblanza dil apareceu no último número da revista Suma. Con este premio perséguese destacar os valores humanos e científicos dos premiados. Quen reciba o premio deberá destacar polas cualidades de adicación e traballo nos campos da educación en xeral e na da educación matemática en particular. Os premiados daráse a coñecer nas sucesivas JAEM.
- O premio Thales-San Fernando está convocado pola sociedade andaluza de profesores de Matemáticas "Thales" e o concello de San Fernando (Cádiz). Ten dúas modalidades, unha en Renovación Pedagóxica en Educación Matemática e a outra en Investigación en Educación Matemática dotada cada unha cunha dotación económica de 500000 pts. Os traballos poden presentarse en castelán ou en portugués, antes do 30 de xuño de 1998.

Nunha enquisa internacional organizada pola TIMSS do International Study Center do Boston College sobre os coñecementos matemáticos dos alumnos, a situación española non era moi brillante. Algúns datos desta enquisa apareceron no xornal de Madrid "El País" o 25 de Marzo. Aproveitando que o Ministerio de Educación está preocupado por este tema vaise celebrar un seminario en Madrid organizado pola Sociedade "Enma Castellnuovo" os días 26, 27 e 28 de novembro co título "Unha ollada á situación actual do ensino das Matemáticas en España e no contexto internacional".

No número 30 do Boletín das Ciencias informábase da solitude da Sociedade Cubana de Matemática e Computación de conseguir algúns materiais bibliográficos en educación matemática. Postos en contacto con eles, dixeron que o que lles interesa especialmente son textos, revistas e artigos de Educación Matemática, aínda que recibirían tamén con agrado libros de texto que estiveran actualizados. No Congreso de Enciga vai haber un sitio onde recoller este material. Lembrede pois de levar para o Congreso as revistas, libros, artigos fotocopiados etc que consideredes que podades aportar.

A CIEAEM (Commission International de Améliorement de l'Enseignement des Mathématiques) celebrou no pasado mes de xullo o seu congreso en Lisboa. O do ano que ven vaise celebrar en Neuchâtel (Suíza) entre o 2 e o 7 de agosto de 1998 co tema seguinte : "Relacións entre a práctica da aula e a investigación en didáctica das matemáticas". O responsable deste encontro é François Jaquet IRDP cp 54 CH-2007 Neuchâtel 7 en Suíza. Entre o 3 e o 6 de Xullo de 1998 vaise celebrar unha Conferencia Internacional de Ensinanza das Matemáticas en Samos (Grecia): Quen quera maior información podedes contactar con José Ramón Vizmanos, IES "Santamarca" r/ Puerto Rico 36, 28028 de Madrid.

No mes de maio enviamosvos unha enquisa encol das horas, das optativas e a diversidade na aula de Matemáticas. Creemos que é unha necesidade dar a coñecer a situación actual das Matemáticas coa implantación da LOXSE. Para preveer os problemas que producirá a redución de horas de Matemáticas e a integración de alumnos con intereses e coñecementos moi dispares, a Administración considerou ofertar un Obradoiro de Matemáticas no primeiro ciclo da ESO, un curriculum diferenciado en 4º curso de

ESO. Amais destas medidas poden prantexarse outro tipo de asignaturas opcionais no 2º ciclo que o centro pode ofertar. A nosa Administración educativa incorporou unhas restriccións que son desproporcionadas. Este tema será debatido no congreso no que esperamos a vosa participación e enviando a resposta á enquisa se aínda nono fixéstedes..